



Cos obxectivos de honrar a memoria de Vicente Risco, axudar á consolidación da cultura e a fortalecer as relacións de Galiza con Portugal e a Lusofonia, os Concellos de Allariz e Castro Caldelas (Galiza), a Fundación Vicente Risco (Allariz) e a Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro (UTAD) (Vila Real - Portugal), representada polo Centro de Estudos Transdisciplinares para o Desenvolvimento (CETRAD), presentan as bases do XXIII premio Vicente Risco de Ciencias Sociais, cun valor, antes de impostos, de 4.000 Euros e de acordo ás seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

Primeira. –

Poderá participar no premio calquera persoa, sen distinción de idade ou nacionalidade, que presente os seus textos en lingua galego-portuguesa, de acordo coas Normas Ortográficas e Morfológicas da RAG e/ou do Acordo Ortográfico da Língua Portuguesa. Os textos presentados deben ser inéditos, totalmente orixinais, non estar publicados nen traducidos en ningún outro formato e ten que abordar **investigacións referentes á Galiza e/ou ao Norte de Portugal**, sempre desde punto de vista das Ciencias Sociais (antropoloxía, socioloxía, historia, linguística, xeografía, economía, turismo...). Os traballos de investigación deden ter unha extensión mínima de 150 páxinas e unha extensión máxima de 300 páxinas, tamaño DIN-A 4 e escritos a dobre espazo en letra **Arial 12**. Serán especialmente valorizados os textos que se adequen aos usos habituais do ensaio. A data límite para recepción de traballos será o 30 de outubro de 2018.

Segunda. –

Os textos deberán ser submetidos en soporte digital (pdf) e remitidos a secretaria@fundacionvicenterisco.com. O texto do traballo científico será presentado apenas contendo un título na súa capa e sen identificación da autoría, para a súa avaliación anónima polo xuri. Noutro documento, submetido tamén en soporte dixital (pdf) e remitidos a secretaria@fundacionvicenterisco.com, será incluída a seguinte información: Título do traballo, nome completo da autoría, Cartão de Cidadão (CC), pasaporte ou DNI, morada, teléfonos e correo electrónico. Os candidatos recibirán unha confirmación oficial da recepción do seu traballo de investigación.

Terceira. –

O xuri do premio será formado por cinco (5) elementos, ligados ao campo da cultura e das ciencias sociais, que serán nomeados polas institucións organizadoras do premio. Unha delas terá funcións de secretariado. O premio para o mellor traballo de investigación presentado será outorgado por maioría de votos.

Quarta. –

O nome das persoas que integrarán o xuri será divulgado na primeira quincena do mes de xaneiro de 2019.

Quinta. –

A decisión do xuri, inapelábel, será divulgada antes do fin de xaneiro de 2019.

Sexta. –

O premio, indivisíbel, poderá ser declarado deserto, no caso de o xuri así o considere en decisión inapelábel.

Sétima. –

Os vencedores do premio em edicións anteriores non poderán concorrer nesta edición.

Oitava. –

A cuantía económica atribuída ao premio é considerada na calidade de pagamento dos dereitos de autor, quen cede estes aos organizadores, sen limitación do número de exemplares nen de edicións. Os dereitos de edición da obra poderán ser realizados en calquera lingua, coa posibilidade

de cesión de dereitos a terceiros. O beneficiario do premio recibirá gratuitamente vinte e cinco (25) exemplares da obra publicada en soporte papel. O autor premiado tamén autoriza que, transcorrido un ano desde a presentación o do premio, a publicación estexa accesíbel en descarga gratuita e aberta desde a plataforma dixital que para tal efecto habilitarán os organizadores do premio en:

<http://www.fundacionvicenterisco.com/>

<https://www.cetrad.utad.pt/>

Novena. –

Oxuri poderá propor até um máximo de dous traballos adicionais para publicación, no caso de recoñecido mérito e aceptación polos autores. A publicación non implica remuneración económica e os autores terán que ceder os dereitos de autor para a primeira edición da obra.

Décima. –

Os orixinais non premiados serán apagados. A participación neste premio significa a aceptación das atuais cláusulas, así como das decisións do xuri.

Allariz (Galiza) e Vila Real
(Trás-os-Montes e Alto Douro -Portugal),

30 de xuño de 2018